

O camiño do exilio¹

Isabel GÓMEZ RIVAS
Universidad Carlos III (Madrid)

RESUMO: O traballo pretende ofrecer unha síntese do significado histórico do exilio republicano galego de 1939. Quén foron aqueles que emprenderon o camiño do exilio, a odisea que representou a súa fuxida e as iniciativas políticas e culturais que levaron adiante no desterro son algúns dos aspectos que se repasan neste estudo.

PALABRAS CHAVE: Guerra civil española, exiliados republicanos españois, exiliados galegos, nacionalismo galego, testemuños escritos, memoria e historia, regreso do exilio.

ABSTRACT: This work seeks to offer a synthesis of the historical meaning of the Galician exile of 1939. Those who began on the path to exile, the odyssey that their flight represented and the political and cultural initiatives that they led during their exile are some of the aspects that are reviewed in this paper.

KEYWORDS: Spanish civil war, Spanish republican exile, Galician exile, Galician nationalist movement, testimonial writing, memory and history, return from exile.

“Liberteime da morte a agora ando, coa vida a costas, por camiños que endexamáis coidei percorrer. Vai comigo a *Santa Compañía* dos mártires galegos”. Estas frases foron escritas por Castelao “à luz dunha fiestra ensombrecida por un *rañaceos*” da cidade de Nova York nos primeiros días do ano 1940 (Castelao 1980: 141 e 139). No inicio do seu exilio, Castelao amosaba, unha vez máis, a súa capacidade para pór palabras ós sentimentos e ideas colectivas: neste caso, ós de todos aqueles que se viron obrigados a abandonar Galicia trala guerra civil pola súa adhesión á legalidade republicana de 1931. Os desterrados galegos de 1939 emprenden o camiño —os camiños, como moi xustamente apuntaba Castelao— do exilio coa acusada conciencia de terse salvado da violencia exercida polos sublevados durante a guerra civil e que outros non puideron esquivar. Luís Seoane escribiu en 1969: “[...] vivimos con los muertos. Sí, es verdad, aparte algún familiar, por entonces cayeron algunos de mis amigos más queridos y siempre están conmigo” (Díaz 2004: 297). A lembranza dos represaliados, daquela Santa Compañía dos mártires galegos, é o perenne recordatorio de que a ditadura franquista aspiraba a exterminar, física e ideoloxicamente, ós seus inimigos, o primeiro paso na súa estratexia para liquidar a súa memoria. Nese sentido,

¹ Texto da intervención no curso de verán “As vítimas do 36 en Galicia. Memoria e paz para sempre”, celebrado no Campus Universitario de Lugo entre os días 9 e 13 de xullo de 2007 e organizado pola Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación para a Dignificación das Vítimas do Fascismo.

o episodio tantas veces contado de que o franquismo ordenou destruír a partida de nacemento de Santiago Casares Quiroga pódese considerar representativo dunha política de negación da historia comparable á expresada naquel decreto de Fernando VII que en 1823, ó reinstaurar o absolutismo, declaraba o labor lexislativo das Cortes de Cádiz, a Constitución e os decretos aprobados, “nulos y de ningún valor ni efecto, como si no hubiesen pasado jamás tales actos y se quitasen del medio del tiempo”.

A memoria das vítimas da guerra civil non podía deixar de acompañar ós que se vi-ron obrigados a abandonar a terra. Elas lembráballes que o seu desterro, lonxe de ser voluntario, era o único camiño que permitía evitar o cárcere e a represión, salvar a vida. “¡Ai se te pillan a ti, despois de buscarte como che buscaron!”, escribiulle Xerardo Álvarez Gallego en xaneiro de 1937 a Castelao. Polo tanto, gardar a memoria dos asasinados e perseguidos era gardar o recordo dos motivos do propio exilio; era, asemade, un exercicio de resistencia fronte ás pretensións aniquiladoras da ditadura; en definitiva, un xesto de lealdade coas vítimas, entre os que se contaban familiares, amigos e irmáns nas ideas. Nin rastro de van retórica hai nas alusións que o exilio dedica ós represaliados e asasinados. Antón Alonso Ríos —el mesmo “fuxido pol-os montes e perseguido de morte” (Castelao 1942: 10) durante a guerra civil, nunha peripecia que relatou en *O Señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*— abre, de xeito ben significativo, o seu libro *C-o pensamento na patria galega*, editado en Bos Aires en 1942, cunha lembranza das vítimas, case unha ladaíña:

Que as miñas primeiras verbas, despóis d-un longo silencio, d-un longo falar calado —soliloquio da conciencia—, vaian camiño das vosas foxas. Descansade.

Que ós vósos corpos envôltos na caricia da Terra, hoxe escrava, chegue o meu alento coma un latexo, fondo, moi fondo, da nova vida que xermola aguiloada pol-o voso exemplo, fecundada pol-o voso sangue. Descansade.

Que ás vosas almas sereas, que a inxustiza non inqueda, que a calunia non fire, chegue a promesa afervoada que, de xionllos, formula a miña ialma: GALIZA SERÁ CEIBE. Descansade (Alonso Ríos 1942: 25).

Á memoria de Alexandre Bóveda dedicou Castelao *Sempre en Galiza* e precisamente a data do asasinato de Bóveda, o 17 de agosto, foi a escollida como Día dos Mártires Galegos que, cada ano, conmemoraban os galegos da emigración e do exilio. Pasou a formar parte dun calendario político —“un calendario da dor”, segundo Lorenzo Varela (2000: 302)— que tiña no 14 de abril, o 25 de xullo ou no aniversario do plebiscito do Estatuto galego sinaladas datas, todas asociadas á lembranza de Bóveda, pero tamén de Ánxel Casal, Xohán Carballeira, Blanco Torres, Víctor Casas, Xaime Quintanilla ou Martínez Garrido, entre outros, que representaban a todos os que pagaron coa vida o seu compromiso político con Galicia e a República.

N-íl —dicia en setembro de 1948 *A Nosa Terra*, referíndose a Alexandre Bóveda— fican simbolizados os milleiros e milleiros de mártires da galegitude, os milleiros e milleiros de galegos, pertencentes a tudol-os partidos republicáns, que deron as suas sagras vidas pol-a República e pol-a Libertade (*A Nosa Terra* 1948: 3).

Os actos que conmemoraban a paixón e morte das vítimas do 36 e as declaracións de lealdade coa súa memoria non foron formulismos retóricos nin exercicios dos primeiros anos do exilio que se foran esvaeendo co paso do tempo. Ademais, xunto coas declara-

cións públicas, máis ou menos grandilocuentes, subsistiu na intimidade do día a día unha dor por veces reavivada. En 1967 Emilio González López, exiliado nos Estados Unidos, ten casualmente noticia da morte do coruñés Juan González del Valle nun campo de concentración nazi durante a II Guerra Mundial e trasládalla a outro exiliado, o escritor Max Aub, quen respondeu dende México:

No sabes el gusto que me da recibir tu carta y la tristeza de saber que murió Juanito, aunque auténticamente, ya está hecho polvo. Pero no importa. Quedan los recuerdos, y duelen².

As vicisitudes da guerra e da diáspora tamén tiveron ese efecto: o de obrigar ós exiliados a enfrontarse a un sufrimento involuntaria e estrañamente diferido.

Unha das claves do significado e valor que a memoria das vítimas da guerra civil tiivo para os exiliados queda sintetizada nestas palabras de Castelao sobre o fusilamento de Bóveda: “N-il víase o futuro da Galiza; por iso o asesinaron inicuamente”. Manter a memoria era un compromiso co pasado, certo, pero, sobre todo, un compromiso co futuro que a guerra e a ditadura tentou escachar. Os exiliados quixeron cumprir o mandato dos mortos, dos “mártires da esperanza” que forman un coro no poema “Cantiga nova que se chama martirio” de Lorenzo Varela para encomendar unha misión:

¡Xuntádevos, galegos,
xuntádevos, hirmáns!
¡Erguédevos! ¡Erguédevos
é libertade o chán!
Facede de Galicia
un eido pra morar.
Facede de Galicia
Unha frol xunto ao mar,
acarón das ribeiras enmeigadas,
pra darlle arume ao mundo,
á Libertade, á Paz (Varela 2000: 304-5).

Ós que invitaban ós exiliados a esquecer, Luís Seoane contestoulles dende as páxinas de *Galicia emigrante*, en maio de 1957: “Olvidad, también dicen. Pero si olvidamos, ¿qué queda de nosotros y que queda en nosotros de la misma Galicia?”. O exilio foi, antes que nada, memoria. Sabíano ben os servicios de propaganda do franquismo que primeiro se afanaron en presentar ós exiliados como bandidos, delincuentes, ladróns e inimigos da patria, furtándolles calquera dignidade. Co paso do tempo, pretendeuse negar a existencia desa España exiliada, que, coa súa subsistencia, era unha constante acusación contra a ditadura e, ó mesmo tempo, encarnaba un proxecto político de futuro afastado a anos luz do réxime franquista. A memoria fixo imposible o regreso para algúns que, co paso do tempo, tiveron algunha posibilidade de volver. Nese sentido, Amparo Alvajar, nunha carta remitida dende Xenebra a Rafael Dieste e Carmen Muñoz escribía:

² Carta de Max Aub a Emilio González López, 13 de decembro de 1967. Arquivo da Fundación Max Aub (Segorbe, Castellón). Sinatura do epistolario completo: C.6-72/1-11.

Resolverme ir alá é moi difícil. Ademais, sigo lembrando entrañabelmente a amigos mortos nas condicións daquela famosa época, e non os podo esquecer, nin podo esquecer o que fixeron con eles. É moi difícil (Alvajar 2000: 75).

Estas liñas foron escritas en 1970.

* * *

Durante a guerra, Castelao tiña loitado co prexuízo moi estendido de que Galicia era franquista. Tal parecía indicar —incluso para republicanos e exiliados— o rápido triunfo da sublevación militar e a inexistencia dunha fronte de guerra. Rematada a guerra, semellaba que aquela Galicia, franquista segundo o tópico, non podía ser a terra de orixe dos desterrados que comezan a espallarse polo mundo. Esta idea contribuíu a manter en certa penumbra ó exilio galego, coma tamén o feito de que este non atopara unha imaxe da forza plástica das longas filas de homes, mulleres e nenos, que cruzaron os Pireneos en xaneiro e febreiro de 1939, no máis duro do inverno, trala caída de Cataluña en poder das tropas franquistas. Que o imaxinario colectivo estea falto dunha representación gráfica que simbolice o éxodo galego trala guerra civil cooperou, sen dúbida, á súa “relativa *invisibilidad*” —como a ten cualificado Xosé Manuel Núñez Seixas (2006: 31)— tanto en 1939 coma na meirande parte da historiografía sobre o exilio republicano español.

Ata datas moi recentes non existían estimacións fiables da magnitude cuantitativa que tivo o exilio galaico, que non aparecía discriminado nos cómputos xerais sobre a emigración republicana española de 1939. Arestora, grazas ó repertorio biobliográfico elaborado polo Arquivo da Emigración Galega, que ten censados a 2.141 galegos que se viron obrigados a saír do país trala guerra civil, temos unha primeira achega ó fenómeno. Non obstante, este é un traballo en marcha, e, xa que logo, a representatividade dos datos, relativa, segundo admiten os propios autores que sinalan, como exemplo das fundadas sospeitas sobre a distorsión que poidan presentar os resultados obtidos, que pouco máis dun tres por cento dos nomes rexistrados sexan de mulleres. Este dicionario tamén evidencia o esforzo e mailas dificultades, moitas insalvables, por non contribuír a caracterizar o exilio como un fenómeno que afectou só a unha elite, tentación que xorde por ser esta da que se conserva máis ampla noticia. Pero non foron só unhas minorías intelectuais e políticas as únicas que engrosaron a nómina da diáspora de 1939.

Desgraciadamente —tense lamentado Isaac Díaz Pardo—, los que no tuvieron esa condición de intelectuales, que fueron los más, son totalmente desconocidos. Un esfuerzo humano monumental perdido para siempre en el drama de la desmemorización (Díaz Pardo 1992: 192).

A provisionalidade dos datos manexados na actualidade non empece, por exemplo, indicar que o exilio galego non tivo o peso cuantitativo que adquiriu o fenómeno noutras zonas españolas e que este non resiste tampouco a comparación coa constante sangradura que, ó longo da historia de Galicia, representou a emigración económica. E aínda así, a singularidade —tanto dende un punto de vista cuantitativo coma cualitativo— do exilio galego de 1939 está fóra de toda dúbida: por unha banda, nunca antes un éxodo galego de tais dimensións fora provocado por estrictos motivos políticos; por outra, entre os afastados da terra estaba, por primeira vez na nosa Historia, “o mellor que tivemos”, como ten sinalado

Díaz Pardo, é dicir, unha importante parte da elite cultural, profesional e política, da que Galicia se viu privada nun episodio inédito ata entón.

Os exiliados galegos sabían ben que non eran os primeiros en ter que abandonar a terra por motivos políticos: “En calquera época de tiranía ou de troque de réxime —escribiu Castelao— sempre abundaron os fuxitivos hespañoes”. Nin sequera revestía singularidade, na Europa de finais da década dos trinta, o drama que estaban a vivir os republicanos:

Hoxe —continuaba dicindo o dirixente galeguista— os fuxitivos contámonos por centos de miles, e cando atopamos asilo compartimos a door do desterro c-unha moitedume incalculable de europeos, éstos mellor considerados que nós i en competencia con nós para gañaren a subsistencia (Castelao 1980: 255).

Pero, sen dúbida, na súa expatriación, o referente máis inmediato foi o da Galicia emigrante. Emilio González López, lembrando nas súas memorias o afervoadado desexo que presidiu os días pasados en París en 1939, escribiu: “Pensaba, como buen gallego, emigrar a América” (González López 1990: 321). Os exiliados tiñan, en efecto, consciencia de seguir a rota ben coñecida pola emigración económica. Era inevitable que así fora: a emigración non era só parte da historia e do presente de Galicia, ela deixara unha pegada —podería dicirse que case xenética— en moitos dos que tiveron que exiliarse a partir de 1939. Algúns deles foron, antes que exiliados, emigrantes. Tal foi o caso de Antón Alonso Ríos. Emigrara a Arxentina en 1908 e as súas actividades políticas conducírono a España trala proclamación da Segunda República; a guerra civil e a ditadura levárono de volta a Bos Aires. O caso de Alonso Ríos non foi único, outros exiliados do 39 —como José María Fernández Colmeiro ou Enrique Lister— adquiriran o seu compromiso político na emigración. Alén mar naceron, entre outros, Lorenzo Varela, Ramón Mosteiro ou Ángel Lázaro Machado, fillos de familias emigradas a América. Luís Seoane —quen dedicou *Fardel de eisilado* ós “meus pais, emigrados, e a meus irmáns, coma eu fillos de emigrados”— nacera en Bos Aires. De feito, aquel poemario non é un libro sobre o seu desterro político, senón sobre os milleiros e milleiros de galegos, vítimas, antes e despois de 1936, dunha organización social, económica e política que os expulsara da terra. No poema “Emigrantes nunha data calquera” (Seoane 1952: 37-38), incluído naquel libro, os condenados inxustamente e os perseguidos comparten destino, fóra da terra, cos que saíron á procura do pan. Agora ben, Seoane non deixa de establecer unha liña divisoria entre o exilio e a emigración que pasaba, segundo ten advertido Xosé Luís Axeitos (2003: 97), entre “a esperanzada nostalxia do emigrante que se sente dono dun espazo xeográfico e a situación de a-terrado, no senso etimolóxico, do exiliado”. Os exiliados perderon a terra cando saíron e tamén foron despois da posibilidade de regreso:

Los que emigran —as palabras son de Seoane— tienen un país de referencia: Galicia, España o el que sea, a donde esperan volver algún día para encontrarse con los suyos, sus amigos. Nosotros no tenemos ni esto... (Axeitos 2003: 51-2).

Por outra banda, Castelao, sendo neno, acompañara ós seus pais na súa emigración á Arxentina. Non lle pasou inadvertido este regreso a unha terra xa coñecida, a “simetría” entre aqueles dous momentos da súa vida. A bordo do buque que o levou de Nova York a Bos Aires en 1940, escribiu:

Fai coarenta e cinco anos era eu un emigrante, sen máis anxeio que o de atopar a meu pai; agora son un refuxiado político, a quen lle negaron toda carta de cidadanía. En ámbolos casos non interveu a miña vontade; máis agora traime ás Américas unha fada descoñecida (Castelao 1980: 250).

Os exiliados sentíronse expulsados da terra coma tantos outros antes. Eles mesmos foran emigrantes ou fillos de emigrantes. Nalgúns casos, incluso, o destino desta nova expatriación era o mesmo. As que eran distintas eran as causas que os botaron polo mundo: unha “fada descoñecida” conducía ós galegos espaxados polo mundo a partir de 1939. E esa foi unha singularidade que percibiron claramente. Que Castelao deixara insistente constancia da súa preferencia por ser chamado emigrante antes que exiliado, como un xeito de achegarse á colectividade coa que ía convivir, coa que ía compartir espazos de sociabilidade e á que teimaba en presentar coma unha reserva mobilizada a favor da democracia, a República e o galeguismo, non impediu que escribira en certa ocasión:

Pero eu non son un emigrante, porque non saín voluntariamente de Galiza, mundo adiante, a cata de tesouros e de grandezas (Castelao 1980: 252).

Unha cousa era que os exiliados acadaran unha maior comprensión e coñecemento do fenómeno da emigración grazas á súa propia experiencia a partir de 1939; que, nalgúns casos, caracterizaran a emigración económica anterior á guerra civil coma unha forma de protesta política; ou que emigración económica e exilio político mantiveran estreitas, aínda que non sempre doadas, relacións —nun trazo que singulariza a historia do exilio galego fronte ó exilio republicano español e que contribúe a introducir certa confusión entre dúas realidades históricas distintas—, e outra ben distinta que todo isto non lles impedira advertir as peculiaridades do seu desterro. Estas radicaban na absoluta involuntariedade da súa saída, motivada por estrictras razóns políticas. En definitiva, o que distingue ó emigrante do exiliado é “o criterio —sinalado por Núñez Seixas— da existencia, ou non, de liberdade de elección [...] para ficar ou para partir, e para decidir en qué condicións e ónde ha partir, cómo e cándo”. O exiliado foxe para preservar a súa integridade física: “non pode voltar, e nun comezo non ten máis remedio que saír” (Núñez Seixas 2006: 14-5).

* * *

En efecto, os exiliados deixaron de sentirse, de súpeto, donos das súas vidas. Estas deberon de parecerlles movidas polos fíos do azar ou do destino, precisamente porque as posibilidades de elección desapareceron ou reducíronse de xeito radical. Cando remata a guerra, aqueles homes e mulleres, ó mesmo tempo que se vían obrigados a aceptar o naufraxio da República, tiveron que enfrontarse á perentoria necesidade de resolver a súa situación personal e familiar, á custosa tarefa de localizar un país que lles brindara refuxio. As dificultades para obter visados, cruzar fronteiras, establecerse nun novo país e conseguir un *modus vivendi* —“resolver la grosera necesidad de vivir”, en palabras de Salvador Etcheverría Brañas (1989: 35)— foron experiencias comúns a case todos os exiliados. Foi a odisea do exilio, da que queda constancia nos relatos autobiográficos dalgúns dos seus protagonistas. Por regra xeral, os exiliados que redactaron memorias renuncian a unha expresión enfática ou ampulosa e a dramatizar aqueles episodios. En referencia ás memorias de María To-

bío, Kathleen March chamou a atención sobre o extraordinario pudor con que son relatados os padecementos do exilio:

Non deixa de narrar cunha cáseque serenidade incribel os acontecementos, aquelas xa referidas perdas, as separacións, a resistencia, a recuperación da dignidade. Non hai laios nen queixas e se lemos detidamente o que se conta de xeito tan sinxelo ou cun ton tan equilibrado, podemos pasar por alto a seriedade do que estaba a pasar (March 2003: 8).

A sobriedade dos escritos autobiográficos ten contribuído a agochar as extraordinarias dificultades e atrancos que os exiliados tiveron que afrontar, especialmente no inicio do seu desterro. Parecera, segundo algunhas versións, que o exilio non foi unha experiencia tan dura, que o simple feito de estar lonxe dos aparatos represivos das ditadura abondaba para levar unha vida cómoda, en definitiva, que os exiliados foron uns privilexiados. E foron os propios exiliados os que contribuíron a que prosperara esta idea. Algunha pista sobre as claves de que isto fora deste xeito atópanse nestas frases de Castelao:

Moito máis que nós —os que vivimos en América— está sufrindo a xente de Hespaña, que non ten pan, nin roupa, nin sosego, nin liberdade. Calquera dos que viven en cadeas ou dos que agonían perseguidos, teríase por moi feliz o día que poidese traspasar a fronteira hespañola. Millóns de hespañoes están sufrindo máis que nós, envexando a cativa sorte dos desterrados. (Non hai peor desterro que aquel que se sofre no propio país). Esta é a crúa verdade (Castelao 1980: 255).

Non foi esa a única ocasión na que Castelao expresou esa idea. Así, nunha carta datada en 1947 e dirixida ó seu curmán Alfredo Somoza, quen acababa de fuxir a Francia despois de máis dunha década agochado en A Coruña, dicía:

O desterro doi moito; pero eso non é nada comparado co desterro que se sofre na propia terra donde non se pode ver o sol nin se pode vivir e traballar a cara descuberta (Sixirei 1987: 78).

As noticias das dramáticas circunstancias que aturan os que fican en Galicia explica o reparo dos exiliados a cargar de patetismo o relato dos atrancos atopados no exilio, unha “cativa sorte”, pero sorte á fin e ó cabo. Tamén a sensación de que os seus padecementos non foron singulares, senón compartidos por outros moitos, impediulles facer pública exhibición das angueiras do exilio. Nese sentido, Etcheverría Brañas, resumindo os meses nos que estivo detido polos sublevados antes de acadar a “triste libertad” do exilio, escribiu:

Mi caso personal no cuenta; no vale la pena de comentarlo. Sufrí, como los demás, todas las vejaciones, todas las injurias, las amarguras y el terror de cuantos tuvimos la desventura de ser prisioneros en la retaguardia de Franco (Etcheverría Brañas 1989: 22).

Eugenio F. Granell, despois de lembrar que “el exilio no fue un camino de rosas”, senón “algo así como una modesta lotería vital”, engadiu:

Los contratiempos del exilio se vieron compensados por el disfrute de la libertad y por el estímulo que recibe el espíritu de tan esperanzadora circunstancia. Quienes se vieron forzados a permanecer en la España fascista tuvieron que sobrevivir sometidos a toda clase de vejámenes y desnudos de toda ilusión. La inmensa mayoría de los exiliados no sufrieron tal abuso. Los perseguidos cruelmente en su propia tierra no se vieron asistidos ni por el disfrute de la libertad ni animados por el goce de la esperanza (Granell 1991: 136).

As privacións, angustias e inquietudes do comezo do exilio atópanse antes nos seus epistolarios que nos seus propios relatos memorialísticos. Nas cartas do exilio cobra unha expresión máis viva, directa e doente o vivido naquelas datas nas que o único certo era que se clausuraba unha etapa e abríase unha nova cargada de incertezas. Por exemplo, a correspondencia cruzada entre Emilio González López e Luis Jiménez de Asúa³ resulta un testemuño máis expresivo das adversidades vividas polo coruñés en París en 1939 que as súas propias memorias. Neses documentos queda retratado un home esgotado emocionalmente e queda reflectida, dun xeito descarnado, a peregrinación polas representacións diplomáticas de diversos países na procura dun visado que lle permitira a saída do país, o medo provocado pola política de fustrigación seguida pola policía francesa cos refuxiados republicanos españois e a precariedade económica daqueles días. Aquelas cartas demostran a arela de establecerse en Colombia ou México e a absoluta involuntariedade do seu exilio en Estados Unidos, presentado nas súas memorias como un destino desexado e felizmente acadado. Non se trata de que as obras autobiográficas de González López non estean escritas cun afán de fidelidade ás súas lembranzas. É máis razoable sospeitar un reparo a unha descrición que poida ser considerada dramatizada; tamén podería ser, se cadra, que a súa memoria tivera botado no esquecemento algúns episodios, nunha operación que ó cabo proporcionaba orde ó caos que supuña o inicio do exilio e que, á vista de cal fora a súa vida a partir de 1939, confería coherencia ó curso dos acontecementos nun momento no que o home debeu de sentirse arrastrado pola Historia.

Tampouco Castelao foi alleo ás dificultades existentes para conseguir refuxio fóra de España. Nunha carta ó comunista Santiago Álvarez, datada en febreiro de 1940, non maquillaba a súa situación persoal:

Mi lucha por la vida se va haciendo bastante difícil. Estoy capeando el temporal con un pobre paragüas... Mañana salgo para un colegio de señoritas... en donde daré quince lecciones por cien dólares. Por ahora aun no ha llamado el hambre a mi puerta; pero estoy agotando los recursos que supe guardar (lo que me dieron ahí y aquí). [...] Lástima que esté casi ciego (Álvarez 1993: 37).

O feito de que Castelao desexara instalarse en Bos Aires e que finalmente o conseguira podería facer esquecer esa estación intermedia, unha especie de purgatorio, que foi Nova York. O permiso de entrada en Arxentina fíxose esperar tanto que o galeguista chegou a barallar outras posibilidades, das que o galeguista nunca falou publicamente. Delas queda noticia nunha carta que remitiu en marzo de 1939 ó exiliado lucense Jesús Bal y Gay na que lle solicitaba a súa axuda para obter traballo e residencia en México. Pola súa banda, Bal y Gay atravesaba serias dificultades económicas, traballando en calquera ocupación que lle asegurara uns mínimos ingresos e pasando fame, segundo confesou moitos anos despois:

Hubo temporadas... Recuerdo que un día no teníamos carne en casa, ni dinero, y nos comimos la carne del gato. [...] Empezamos a ver qué había en la cocina y no había otra cosa que esa carne del gato. Pues bien, nos reímos y nos la comimos... y dejamos sin comer al pobre animal (Bal y Gay & García Ascot 1990: 121).

³ Esta correspondencia consérvase no fondo Luis Jiménez de Asúa da Fundación Pablo Iglesias, en Madrid. Sinatura: ALJA-410-19.

A desesperación guía a pluma dos que escriben suplicando axuda dende os países de refuxio nas primeiras horas do exilio que, nalgúns casos, duraron meses. Durísima resulta a lectura das cartas remitidas, entre 1939 e 1940, dende Norwich e Londres, por Xosé Otero Espasandín a Rafael Dieste e Carmen Muñoz. Nelas hai un repertorio das “constantes humillaciones y desencantos” sufridos; unha descrición das inmensas dificultades económicas, tantas que Norwich está “a una distancia de Londres equivalente a una libra, o sea una distancia geodésica”; e unha constante expresión das arelas de saír “de este estado de interinidad” e instalarse nun país verdadeiramente de acollida (Otero Espasandín 2006: 192, 170 e 173). A exacta medida dos padecementos pódese albiscar nestas frases escritas pola súa esposa, Alicia Ortiz Alonso:

¿Te acuerdas la bomba que cayó en mi casa el 17 de mayo del año pasado? Fue una lástima haber escapado con vida, ¿no crees? Ya que no sucedió no hay más remedio que afrontar las circunstancias (Otero Espasandín 2006: 167).

Todas as dificultades e todos os atrancos materiais, todas as penurias e humillacións foron vividas nun momento de fondo sufrimento espiritual, provocado pola evidencia da derrota da República á que entregaron as súas ilusións e pola que empeñaran os seus esforzos. O 30 de marzo de 1939 Carmen Muñoz, ingresada nun hospital parisiense, escribe ó seu esposo, Rafael Dieste, quen aínda agardaba a reunirse con ela tras conseguir ser liberado do campo de concentración de Saint Cyprien:

Por la tarde quise leer un periódico para distraerme y encuentro la toma, o la entrega de Madrid con todos los adornos que puede poner a tal noticia un periódico de derechas. Entonces ya no pude más, separé con cólera el periódico y empecé a llorar con todas las ganas. Me rodearon las enfermas que se pueden levantar:

—“Pas de nouvelles de votre mari? Qu’a-t-il dit Mr. le Patron de votre bras?”

Y yo contestaba:

—“Je ne pleure pas pour mon mari ni pour moi. C’est pour les autres; pour tous. C’est pour l’Espagne pour la guerre”.

Y decían:

—“Mais maintenant c’est fini”.

—“Oui, mais mal fini” —decía yo, “Très mal fini. Et le journal dit beaucoup de mensonges, toujours de mensonges”...

Lloraba a todo llorar. Me acosté del todo, me tapé con las sábanas y continué llorando calladita. Una voz me decía:

—¿Lloras por España, por todos o por ti?

Y yo contestaba sinceramente:

—Por España, por Madrid —y revivía todas las escenas de julio, las caras vistas en nuestro viaje del congreso— por todos, sí, y también por mí ¿por qué no? ¿No estoy yo aquí bien chiquita en este momento? (Muñoz Manzano 2005: 67).

Era aquel o temido momento, por ela mesma presaxiado, de “¡la angustia de enterarse de todo lo que ha pasado, de los que viven y de los que han muerto!”, o tempo do medo polos amigos e familiares que non saíran de España, dos que ás veces non se tiña noticia: “De los míos no sé nada. Nunca escribí por no perjudicarles” (Muñoz Manzano 2005: 69). Máis ou menos polas mesmas datas, Castelao tamén se preguntaba pola sorte dos compañeiros: “Eu andaba e ando apenado lembrándome de vós, de todol-os irmáns que vivían en

Barcelona. ¿Salváronse todos? ¿Quedou algún alá? Velahí a door que me rilla dendes que se perdeu Catalunya” (Delgado Gurriarán 2001: 414). Era chegada a hora de asumir o exilio para aqueles que ían a el, como escribiu Lorenzo Varela (2001: 171), “marcados por el hie-ro de la derrota, enfermos de lejanía, dolidos de ausencia, tristes por los más alegres re-cuerdos”.

* * *

O camiño do exilio non foi o mesmo para todos os que se viron abocados a el. Haberá que falar non do camiño, senón dos camiños do exilio, porque as vías de saída de Galicia e España foron diversos coma diversos tamén foron os destinos finais desa viaxe. Non obstante, pódense sinalar algúns deses itinerarios como prototípicos. O rápido triunfo da suble-vación militar en Galicia e a represión desatada decontado obrigou ós comprometidos coa Fronte Popular a fuxir, botarse ó monte ou a manterse agochados ata conseguir escapar du-rante a guerra civil ou nos primeiros anos da posguerra. Por vía marítima, chegaron moitos a Asturias, Inglaterra ou Francia. Outros buscaron a fronteira terrestre que estaba máis pre-to, a de Portugal, aínda que esta opción era especialmente perigosa, posto que a policía do réxime de Salazar tiña orde de deter ós españois republicanos indocumentados e devolverlos ás autoridades franquistas. Dende Portugal os fuxidos incorporáronse á zona republicana ou embarcaron clandestinamente cara a América ou Francia. Ademais, estivo o caso da “quinta provincia”, a expresión con que a publicación de guerra *Nueva Galicia* se referiu a aqueles galegos que no momento no que se produciu o golpe de estado estaban fóra de Galicia, en zona leal e que se sumaron ó esforzo bélico republicano. Son, por exemplo, os segadores galegos que se atopaban en Castela e que foron mobilizados por Santiago Álvarez para crear as Milicias Galegas. Tamén fóra de Galicia estaban políticos como Castelao ou Ramón Suárez Picallo, que se atopaban en Madrid, César Alvajar, daquela gobernador civil en So-ria, ou diplomáticos ó servizo da República, coma Lois Tobío. A peripecia desta “quinta provincia” que fixo a guerra ó lado da República non foi moi distinta da do resto dos repu-blicanos españois. Moitos formaban parte daquelas filas de homes e mulleres que cruzaron a pé os Pireneos cando principiaba 1939 fuxindo do avance das tropas franquistas e que fo-ron internados nalgún dos campos de concentración franceses. Estes areais foron, para moi-tos, a primeira estación do *via crucis* do exilio. Algúns, como Manuel García Gerpe, autor de *Alambradas. Mis nueve meses por los campos de concentración de Francia*, sentiron a necesidade de deixar por escrito o testemuño das súas experiencias naquelas xornadas. Os que puideron evitar o paso polas “praias da morte” sentiron os efectos da estreita vixilancia e mesmo persecución ás que a policía francesa os someteu, deste xeito descrita por Emilio González López nunha carta a Jiménez de Asúa en marzo de 1939:

No ha decrecido, sino que ha aumentado la actuación de la policía francesa sobre los refugiados políticos españoles. Muestra de ello es que ayer se presentó la policía en el local donde estaba instalado Méndez Aspe, detuvo a todas las personas que se encontraban en el lo-cal, entre ellas la secretaria particular de Méndez Aspe, y registró minuciosamente al propio ex-Ministro. El Juzgado clausuró esa oficina sellándola. En la puerta de ayuda a España la po-licia detiene a cuantos se aventuran a visitar este centro; en la puerta de todos los locales don-de vienen actuando gentes republicanas ocurre lo mismo; al romper el día en muchos hoteles se presenta la policía y se lleva detenidos a todos los españoles: los que presentan alguna ir-regularidad en sus papeles se los llevan conducidos a un campo de recuperación instalado cerca

de Perpiñán; a los más afortunados les dan 48 horas para abandonar París. [...] Yo, personalmente, continúo tolerado y con el temor de verme envuelto en una de estas recogidas policíacas que, cuando menos, proporcionan unas cuantas horas de detención.

Entre os detidos pola policía en París naquelas datas atopáronse Lois Tobío e maila súa esposa. Foron postos en liberdade despois de anunciaren a súa intención de saír axiña cara a América, probablemente, a Nova York.

Pois devecíamos —dixo na comisaría e así o relata nas súas memorias Tobío— por estar nun país en liberdade. El [o comisario], unha miga abufado, retrucou que Francia tamén o era. ‘Pas pour nous’, contesteille. E con esto erguímonos e fúmonos (Tobío 1994: 446).

En efecto, Francia non era un destino desexado pola meirande parte dos exiliados. A difícil situación en que o país colocaba ós republicanos españois facía desexable a saída del e máis cando, co paso do tempo, intuíase no horizonte inmediato o comezo da Segunda Guerra Mundial. Os exiliados comezan as xestións para acadar os visados de saída de Europa e conseguir a axuda do Servicio de Evacuación de los Republicanos Españoles (SERE) ou Junta de Auxilio de los Republicanos Españoles (JARE). A máis destas organización españolas, as colectividade de emigrantes galegos en América crearon diversas organizacións que tiveron un importante papel naqueles momentos. Especialmente activas foron a Central Gallega de Ayuda a los Refugiados, nacida a finais de 1938 no seo da Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires, e o Frente Popular Antifascista Gallego de Nova York, fundado en decembro de 1937 polas Sociedades Hispanas Conferedadas. A aspiración da meirande parte dos exiliados en Francia era embarcar rumbo a América, considerada terra de promisión, expresión esta habitual nos escritos de tantos exiliados galegos que nesta, coma noutras ocasións, recorreron a metáforas de connotacións xudeucristiás para referirse ás súas experiencias.

Así, rexístrouse unha verdadeira diáspora dos galegos por América: EEUU, Venezuela, Porto Rico, Chile, Paraguai, a República Dominicana e Cuba acolleron ós exiliados, aínda que non ós continxentes máis numerosos. Foron México e Arxentina, sen lugar a dúbidas, os países que recibiron a un maior número de exiliados galegos e, por esa mesma razón, os grupos máis heteroxéneos, tanto pola súa filiación política coma polo seu perfil social ou profesional. En xeral, pódese afirmar que, dentro dunha sempre limitada e mudable marxe de elección, os exiliados tentaron que o lugar onde recomezar a súa vida e o seu traballo fora axeitado ás súas expectativas. A súa elección estivo motivada ben por razóns persoais —a existencia de vincallos familiares nos países de acollida—, profesionais —as posibilidades de traballo que ofrecía o país receptor e, sobre todo, de manter a dedicación anterior ó exilio— ou ben por motivos de índole política —consecuencia da procura dunha proximidade física ós seus correlixionarios—.

* * *

Os exiliados galegos deron continuidade ó seu compromiso político fóra da terra e integráronse en organizacións e partidos comúns ó resto do exilio republicano español, o que ten contribuído a devandita invisibilidade do noso exilio nos estudos de conxunto do fenómeno. Pero non sempre a presenza galega diluíuse en institucións non especificamente galaicas. Por exemplo, en 1941, en México constituíuse a Alianza Nazonal Galega, de ins-

piración comunista coma o Bloque Republicán Nazonal Galego, creado en Toulouse en 1945. En México naceron a Agrupación de Socialistas Gallegos e maila Agrupación de Libertarios Gallegos. Todas contaron co concurso de galeguistas, pero non pode pasar inadvertido que este tipo de iniciativas xurdiron naqueles lugares onde os nacionalistas galegos constituían grupos reducidos e, xa que logo, estaban abocados a integrarse en plataformas unitarias impulsadas por republicanos de esquerda e comunistas máis ou menos próximos ós postulados galeguistas.

Foi Bos Aires a capital do exilio dos galeguistas e onde estes deron mostras dos seus esforzos por artellar institucións de seu. Os varios centos de miles de galegos emigrantes naquela cidade contribuían a definir aquel escenario coma o máis propicio e prometedor —cousa distinta sería determinar se houbo un erro de apreciación— para aqueles desterrados que desexaban que o seu exilio non significara unha quebra do seu proxecto político e cultural. Bos Aires era a elección natural para os galeguistas. Cando en abril de 1939 Castelao escribe a Lois Tobío “¡Quen me dera ir a Bos Aires!” (Tobío 1994: 470) non precisa explicarlle as razóns, por obvias, que si fai explícitas nunha carta de 1943 dirixida ó vasco José Antonio Aguirre:

¿Por qué yo abandoné Nueva York para venir a Buenos Aires? ¿Por qué vino Alonso Ríos, diputado a Cortes y líder de los agrarios gallegos? ¿Por qué Picallo, mi compañero de diputación, espera en Chile la entrada a este país? ¿Por qué los tres diputados galleguistas, en libertad, hemos prescindido de México, como punto de concentración española en el exilio, y nos hemos juntado en este extremo de América, tan lejos de los centros soberanos del mundo? Buenos Aires es para los gallegos emigrados algo así como una capital, metrópolis de la Galicia Desterrada. Los gallegos suelen decir, por donaire, que Buenos Aires es la ciudad más grande de Galicia porque aquí residen unos trescientos mil gallegos y allá no tenemos ninguna población que pase de los cien mil. Para los gallegos esta ciudad es como Nueva York para los irlandeses. [...] Nuestro puesto está aquí, porque en ninguna otra parte, fuera de Galicia, nos sería dado desarrollar una acción tan consecuenta ni tan eficazmente patriótica. Para cumplir nuestro destierro hemos venido a la ciudad en donde se concentra la inmensa mayoría de nuestros emigrados, cuya ciudad pasa a ser, por este hecho, la capital indiscutible de la Galicia libre (*A Nosa Terra* s.d.: 22).

Bos Aires era, para el e os galeguistas, a “Galicia ideal”, o espazo máis axeitado para a continuación do seu traballo —político e cultural—, o lugar que satisfacía a necesidade de situarse alí onde a identidade propia —política e cultural— non se sentira en perigo de verse diluída na sociedade receptora. E, nese sentido, a identidade lingüística constituía un pilar básico, como resulta patente en tantos testemuños dos exiliados. Por exemplo, a saudade de Galicia nacíu, para Castelao, de dúas perdas: “a ledicia de ver a nosa paisaxe i escoitar o noso idioma” (Castelao 1980: 252).

* * *

O exiliados teñen consciencia de entrar en contacto cunha cultura distinta e, por suposto, cunha lingua distinta á propia que pode verse empobrecida ou deteriorada. Esa foi a sensación de Otero Espasandín durante o seu exilio nos Estados Unidos:

Otro de mis inconvenientes es la falta de acceso a buenas bibliotecas de obras en gallego. El vocabulario se empobrece de una manera alarmante, si se vive lejos de quienes lo

ponen en uso diario y lejos de las obras maestras, mucho más si es necesario prestar una atención muy especial a otras lenguas, como a mí me sucede. (Otero Espasandín 2006: 147-8).

Bos Aires non impoñía a violencia doutros destinos. A capital arxentina non esixía ós exiliados acomodarse a unha situación lingüística completamente distinta da que procedían. Aínda máis, a numerosa comunidade galega existente na cidade permitía non renunciar á súa lingua tanto na súa expresión escrita como oral. En efecto, tanta o máis importancia cá posibilidade de escribir e ler en galego cabe pensar que tivo o feito de poder conservar, nalgunha medida, como lingua de comunicación interpersonal. Doutro xeito non podería comprenderse o apunte que fixo Castelao nun dos seus cadernos:

Cando morreu un galego en Nova York. Embalsamado e pintado. Un fillo, ao verme, exclamou con ledicia: ‘Morreu papá’ (Castelao 1993: 27).

Pois ben, foi nos tres primeiros lustros despois de 1939 cando os exiliados, sobre todo os residentes en Bos Aires, “protagonizan —segundo ten subliñado Xesús Alonso Montero (1995: 104)— unha fermosa tarefa de salvación: serán eles os que continúen, non sen dificultades, o discurso interrompido na Terra, na patria da lingua”. De tal xeito foi así que, segundo Maceira Fernández (1995: 268), “non cómpre falar da literatura do exilio, senón do exilio da literatura”. Ese capítulo da historia do libro galego ten un protagonista indiscutible: Luís Seoane, responsable das míticas coleccións *Dorna* e *Hórreo* da editorial *Emecé* e fundador xunto con Arturo Cuadrado de selos editoriais, como *Nova*, *Botella al mar* ou *Citania*, baixo os que son editados libros novos ou reeditados clásicos, en galego ou castelán, de autores galegos. Nun primeiro momento, pois, o exilio logra quebrar o silencio absoluto imposto pola ditadura franquista en Galicia e proclamar a dimensión impresa e culta da lingua. Máis tarde, en especial a partir da década dos 60, Bos Aires xoga un papel complementario ó desenvolto polas editoras que se foran creando en Galicia. Alén mar publicanse libros que xamais permitiría a censura franquista que viran a luz en Galicia, algúns, enérxicas denuncias da ditadura, coma o titulado *Galicia hoy*, preparado en 1966 por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, nun dos moitos momentos de colaboración dos galegos coa editorial Ruedo Ibérico de José Martínez.

Ademais deste labor editorial, a lingua tivo presenza en Bos Aires a través dunha prensa en galego ou bilingüe e de diversas audicións radiofónicas. Ademais, o galego constituíuse nun “idioma que é protesta”, no dicir de Antón Santamarina Delgado. En efecto, o seu simple emprego era unha protesta, a máis de que puidera ser usado para a protesta. Nese sentido, en novembro de 1954, publicouse, en edición trilingüe (galego, inglés e francés) o opúsculo *Denuncia diante a Unesco da persecución do idioma galego pol-o Estado Español*, presentado na asemblea anual da Unesco celebrada naquela ocasión en Montevideo.

Por máis que Bos Aires foi o escenario de todas esas iniciativas, cómpre lembrar que non sempre contaron co apoio de importantes sectores das comunidades de emigrantes, con frecuencia máis dispostos a comungar cun programa folclórico e superficial que realmente comprometido política e socialmente con Galicia. Nese sentido, Eduardo Blanco-Amor lembrou a alporizada reacción do público reunido nun pequeno teatro da colectividade cando, nunha conferencia sobre Rosalía de Castro, comezou a falar en galego. Que os exiliados pensaran en Bos Aires como escenario ideal do seu labor, non significa, por exemplo, que o

público da súa actividade editorial fora máis minoritario do que tiñan previsto e, dende logo, desexaran. Luís Seoane tivo que admitir que “aquí un libro en galego é algo así como un libro en húngaro como non seña para as cincuenta persoas que me rodean” (Fernández del Riego 2002: 67), o que o obrigou mesmo a modificar algúns dos seus proxectos. Por exemplo, en 1956 informaba ó seu correspondente en Galicia: “Rematei unha obra de teatro galego, *A Soldadeira*, pero estou traducíndoa ó castelán, porque ahí non se podería editar agora, e aquí ¿para quen?” (Fernández del Riego 2002: 110). Cómpre lembrar estas circunstancias para calibrar a verdadeira dimensión, realmente heroica, sen dúbida unha proeza, daquelas empresas editoriais coas que se tiña a conciencia de dar continuidade ó labor de Ánxel Casal á fronte da *Editorial Nós*. Alonso Montero admite a escasa repercusión daquelas iniciativas, pero nega que foran “*vox clamantis in deserto*” e outórgalles unha relevancia que transcende o mero valor simbólico, posto que aquelas edicións ou reedicións estiveron presentes no achegamento ás letras galegas dos membros da súa xeración:

Chegasen ou non os libros a Galicia, lesen poucos ou moitos libros os galegos da Diáspora, a tarefa tiña un valor simbólico e, se só fose así, de grandeza moral e de lealdade ós escritores, ós editores e ós políticos ós que lles tronzaron a vida por militaren nesa causa [...]. Creo, sen embargo, que foi máis ca un símbolo e unha bandeira ergueita na adversidade, porque algúns libros chegaban a nós e alimentaban demandas e soños [...] (Alonso Montero 1995:104).

* * *

A concepción do galeguismo que teñen os exiliados non se limita á acción cultural, senón que predica a acción política. Para os desterrados, política e cultura son indisolubles. E Castelao chega a Bos Aires co proxecto de dar continuidade ó seu proxecto político, de gañar para o galeguismo á emigración, un capital humano do que, na súa opinión, o nacionalismo e a República non podían prescindir. O seu compromiso político era con Galicia —*Sempre en Galiza e C-o pensamento na patria galega*, titularon significativamente Castelao e Alonso Ríos cadanseus libros—, co seu pasado e co seu futuro. No seu traballo latexa unha fonda preocupación polo porvir, unha “meditación de retorno”, como moi ben soubo ver Juan Marichal cando, falando do exilio republicano español, subliñou:

No vieron su alejamiento de la patria como un suceso definitivo en sus vidas, ya que muy pocos abandonaron las esperanzas de un regreso eventual. [...] iniciaron lo que podría denominarse ‘una meditación de retorno’, sometiéndose a un examen de conciencia en tanto que exiliados y derrotados en una guerra civil (Marichal 1990: 66).

Esta análise resulta aplicable ó exilio galeguista, agás nun punto: aquela meditación de retorno non levou implícito un exame de conciencia no caso dos nacionalistas galegos e, singularmente, no caso de Castelao. E de terse sometido a el non foi, dende logo, cos resultados que estaban obtendo outras destacadas figuras políticas da Segunda República. Mentres Azaña confesaba que “viviremos o nos enterrarán persuadidos de que nada de esto era lo que había que hacer” (Marichal 1995: 294); namentres Indalecio Prieto confesaba que a responsabilidade do sucedido “me alcanza en proporciones que gradúa severamente mi conciencia” e engadía que “pocos españoles de la actual generación están libres de culpa por la infinita desdicha en que han sumido a su Patria. De los que hemos actuado en política, ninguno” (Prieto 1990: 151); cando algúns destacados políticos republicanos subscribi-

rían o *Todos fuimos culpables* co que décadas despois do inicio do exilio Juan-Simeón Viardarte titulou as súas memorias, Castelao non acometeu unha reflexión sobre o grado de responsabilidade que lle correspondía no fracaso da Segunda República. Ou mellor dito, si o fixo, pero entendeu que non lle cabía culpa algunha: “Pois eu aseguro que da derrota de Galiza non-os cabe ningunha responsabilidade” (Castelao 1980: 86). Noutro momento, escribiu: “Perdemos a guerra civil, ou —corríxese de inmediato— perdérona” (Castelao 1980: 140). Segundo a súa análise, as autonomías terían salvado a República: “¿Ou é doado creer que con Cataluña, Euzcadi e Galiza autónomas fose posible a guerra civil?” (Castelao 1980: 160). Así, as súas acusacións —o seu *Sempre en Galiza* está inzado delas— foron dirixidas contra aqueles políticos mesquiños que lle negaron ou aprazaron o seu Estatuto de Autonomía a Galicia.

Deste xeito, a dor do exilio era dobre para Castelao, porque nin sequera podía ser concibido como penitencia polos pecados propios cometidos no pasado. Era a penitencia por erros alleos. “Teño morriña; pero a miña door non é, non, unha ‘especie de remordimento’”, deixou escrito (Castelao 1980: 252). Por outra banda, esta análise é a que explica a súa postura diante dalgúns debates desatados nos primeiros anos de exilio e, dende logo, a que convence a Castelao de que non é preciso mover nin unha coma do seu programa no exilio. Se ó galeguismo non lle cabía ningunha responsabilidade na derrota da República, se estaba libre de culpas, iso significaba que o galeguismo non fora derrotado e, xa que logo, impúñase manter unha lealdade absoluta ó ideario defendido antes da guerra, incluso lealdade á República, aínda que Galicia nada lle debía como non fora, segundo repetiu obsesivamente, a incompreensión dos seus problemas.

Todas as decisións políticas tomadas por Castelao no exilio han de entenderse dende estas coordenadas, ás que habería que engadir aqueloutro factor determinante: o convencemento de que o seu exilio era unha situación conxuntural. A perspectiva de regresar a España e de facelo nun prazo relativamente breve de tempo mantívose viva ata a fin da II Guerra Mundial. Todas as forzas democráticas acubillaban as esperanzas de que as vitoriosas potencias aliadas interviñeran en España para pór fin á ditadura do xeneral Franco, posto que non ían permitir a subsistencia dun réxime identificado ideoloxicamente coas derrotadas potencias do Eixo. Castelao non foi alleo a esas esperanzas que o tempo ía encargarse de demostrar que non eran máis que un espellismo. Ata que non chegou ese momento, así de rotundo se amosou no coñecido discurso que pronunciou o 18 de abril de 1943 no Estadio Centenario de Montevideo: “Y con el triunfo de la Democracia en el mundo habrá de resucitar, quiérase o no, la República española” (Castelao 1980: 419). Pois ben, coa vista posta nunha próxima restauración democrática, Castelao deseña a súa estratexia política e desprega unha intensa actividade. Son os anos nos que constrúe un ámbito institucional semellante ó dos nacionalistas cataláns e vascos, que manteñen os seus gobernos no exilio: nace, así, en 1944 o Consello de Galiza. Solicita, nas sesións plenarias das Cortes celebradas en novembro de 1945 en México, a restitución da Comisión de Estatutos que debería encargarse da inmediata aprobación do Estatuto Galego, unha vez tiña superados todos os requirimentos recollidos no artigo 12 da Constitución. Tamén na década dos corenta intensifica as relacións cos vascos e cataláns a través dunha alianza estratéxica, Galeuzca, que representaba un intento de presentar harmonizada e forte a voz dos nacionalismos nas dis-

cusións sobre a forma política que habería de ter a organización do Estado nun futuro proceso de restauración democrática. Ademais, acode á chamada de Giral para incorporarse ó Goberno da República no exilio en París como ministro sen carteira na ampliación anunciada en marzo de 1946.

Tras aquela decepcionante experiencia, Castelao regresa a Bos Aires. Convencido, agora si, de que “o noso desterro vai durar aínda moito tempo”, tentou sobreporse á decepción política da experiencia como ministro do goberno Giral ó abeiro da forza imperativa dos seus ideais: “Non-os queda máis que a xusticia da nosa causa e o espírito que algúns poidamos ter aínda para defendela” (Sixirei 1987: 79). Pouco tempo despois, coa súa morte en 1950, o exilio perdía a voz do seu guieiro e comeza a reverenciar a súa memoria e legado. O seu pasamento constitúe un punto de inflexión na historia do exilio galego que, ademais, veu a coincidir co momento en que, frustradas todas as esperanzas dunha intervención aliada en España e unha inmediata restauración democrática, os exiliados tiveron que enfrontarse á idea de que o seu desterro ía delongarse no tempo e redeseñar as súas estratexias políticas. Tamén a partir de 1950 se agudizou o enfrontamento do exilio galeguista co mundo societario da emigración, que tantas veces devolveu unha imaxe que desmentía aquela idealizada que establecera unha equivalencia entre emigración e compromiso político e social con Galicia. Moitos dos conflitos non eran novos, pero tamén é que certo que algúns, incluído o propio Castelao antes de morrer, atribuían o seu agravamento á influencia dunha nova vaga de emigrantes alleos á política ou declaradamente franquistas. Por outra banda, o Consello de Galiza viu tronzadas as nunca doadas relacións co galeguismo do interior. Aquel galeguismo culturalista, que representou Ramón Piñeiro, nunca recoñecera a autoridade do Consello de Galiza máis que como unha institución representativa da emigración e do exilio. Morto Castelao, a escenificación da ruptura total fíxose en 1958 nunha reunión mantida entre os galeguistas do interior e Perfecto López, en representación de Bos Aires.

Todas estas circunstancias non podían deixar de atinxir ó Consello de Galiza que foi perdendo influencia social e política, probablemente non só polas súas propias incapacidades. Illado, viu esmorecer o papel relevante que desenvolvera na década dos 40, nun proceso semellante ó tamén atravesado por outras organizacións políticas do exilio republicano español. Agora ben, non se pode dicir que a historia do exilio galeguista —tampouco a do Consello— rematara en 1950 coa morte de Castelao coma, de xeito nada inocente, pode deducirse dalgúns versións. O Consello, refundado en 1960, momento aproveitado para crear delegacións en México, Nova York, Montevideo e París, tivo continuidade ata 1975. Trala morte de Elpidio Villaverde e Suárez Picallo, Alonso Ríos converteuse no seu único membro que fora deputado no 36 e fundador do organismo, no derradeiro representante na institución da legalidade republicana. En Galicia, onde non se aceptara a autoridade do Consello, tampouco se lle recoñeceu nunca o valor simbólico ó que, en gran medida, se viu reducido. Amolaba a capacidade de resistencia daquela “Numancia errante”. Moitos non dubidarían en aplicar ó Consello de Galiza o diagnóstico, feito en 1952 nunha soada polémica, polo socialista e xornalista de pluma afiada Luis Araquistáin quen dixera dos republicanos que estaban a pasear o cadáver da Segunda República, como Xoana a Tola o fixera co corpo do seu marido Filipe o Fermoso. Pois ben, a morte de Alonso Ríos en Bos Aires

en 1980, na indixencia e no esquecemento, pode ser considerada unha metáfora cruel: Antón Alonso Ríos non foi Tarradellas; non voltou a Galicia para poder proclamar un “¡xa estou aquí!”.

* * *

Galicia non dispón dunha imaxe que simbolice o regreso dos seus exiliados. Nin Alonso Ríos nin ningún outro encarnaron esa estampa. Pero o regreso é un motivo central nas reflexións dos exiliados, non só o regreso físico, que tamén, senón a súa reintegración na Historia de Galicia. Os exiliados amosaron un férreo empeño en que o seu desprazamento físico fóra da terra non significara unha quebra do seu proxecto político e cultural. Seoane, que viviu obsesivamente o problema do regreso nesa dobre vertente, confésalle a Fernández del Riego, cando restablecen en 1947 a comunicación epistolar interrompida dende a guerra: “Temos traballado moito, con sorte e sin ela. De calquera xeito, facendo de todo, pero tentando en cada momento facer honor coa nosa conducta e labor a Galicia” (Fernández del Riego 2002: 23). Obrigados a vivir lonxe do seu escenario natural, insistiron que as súas vidas e os seus traballos estaban dedicados a Galicia e que, nese sentido, só cambiara o espacio onde desenvolver a súa misión, porque esta seguía sendo idéntica a asumida antes da guerra. Da continuidade da súa obra no exilio faláballe Emilio González López a Max Aub nunha carta datada en setembro de 1957:

Muchas veces, cuando pienso en La Coruña, me acuerdo de sus visitas y de las esperanzas que ambos teníamos en hacer una España mejor y más humana. Las esperanzas no se han ido. Son todavía más apremiantes. Lo que se ha ido es La Coruña, la tierra misma, donde poder trabajar por ella. Desde aquí, en la medida de mis fuerzas, sigo haciendo lo que también haría si todavía estuviera allá y recibiera de vez en cuando su visita esperanzada.

Tiveron que asumir a súa expatriación, que os desherdaba da terra, pero tamén dos seus interlocutores naturais, unha perda magoante, segundo confesou Seoane a Maside:

Ahí trabajáis y vuestro trabajo aún en silencio tiene un destino, nosotros si lo hacemos ya no tenemos un pueblo con el que comunicarnos y entendernos y toda la vida del artista y del escritor ha estado destinada siempre a establecer un lenguaje con su pueblo, con la historia y la tradición de su pueblo con lo que él ama y odia (Axeitos 2004: s.p.).

Así, unha sensación de illamento apoderouse dos exiliados. Tamén de Seoane son estas frases:

Lonxe de Galicia onde a nosa existencia non conta e a onde non chega o que fagamos, bó o malo, estamos tendo os que quedamos a sensación de inutilidade de calquera esforzo nesta cidade dedicado a Galicia. Actuamos como Robinsóns, aillados en illas lonxanas (Fernández del Riego 2002: 39).

O exilio non foi unha derrota. O desterro foi sublimado a través do traballo infatigable, na continuación dunha misión que eles mesmos se impuxeron. Non é unha metáfora a empregada por Seoane cando fala do propio traballo como “narcótico” para aturar a dor propia e da súa xeración por non “atopar acomodo espiritual en parte algunha” (Fernández del Riego 2002: 91): é a cabal expresión dunha realidade. A verdadeira derrota, o fracaso da súa biografía, viña representado por que cobrara realidade o temor de que o seu labor non

fora asumido en Galicia como un legado propio. Seoane doíase ante os síntomas de que iso puidera ser así: “Poda ser que nós esteñamos no *Index* e non formemos parte, como lles ocorre permanentemente ós emigrantes, da historia de Galicia” (Fernández del Riego 2002: 127). Unha vez e outra expresa o medo ó esquecemento, a esperanza a ser reincorporado —el e mailos compañeiros de xeración e desterro— novamente a Galicia:

Non é lóxico que se esqueza a homes como Dieste ou como outros porque o destino os trouxo a moitas millas de distancia física do país por cuia lembranza viven. E esto non é como se dí, literatura. Si non nos alentase a lembranza e a esperanza do regreso, o vivir non tería importancia para todos nós. O noso fin e o que facemos está destinado a Galicia e non merecemos, aínda que non seña máis que por iso, o esquezo (Fernández del Riego 2002: 113).

Nada podería ser máis doloroso para os exiliados que ser excluídos da historia, ese era o verdadeiro e inasumible exilio para os que se xuraron fidelidade ó pasado e traballaron para que o soño dunha “alba de gloria” fora unha realidade no futuro do seu país. Porque, tal e coma dicía Seoane falando da súa obra, con palabras que ben poderían aplicarse á obra do exilio de 1939, “toda ela está feita de lembranzas, pensada con paixón na terra, cos desexos afervoados de voltar algún día pra atopar nela a miña xustificación definitiva” (Axeitos 2004: s.p.). Que non se lle escatime esa xustificación definitiva ó exilio. Que non se desvirtúe e edulcore o exilio esquecendo que os seus protagonistas fixeron das súas vidas un acto político. Que así sexa.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- A *Nosa Terra* (1948): “Día dos Mártires Galegos. Homaxe a Alexandre Bóveda”. Buenos Aires, setembro, 3.
- (s.d.): “Castelao. As cartas de América. Documentación e fotografía”. Vigo: A Nosa Cultura, 12.
- ALONSO MONTERO, X. (1995): *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- ALONSO RÍOS, A. (1942): *C-o pensamento n-a patria galega. Diante d-unha nova xeira*. Buenos Aires: [Talleres Gráficos Suevia].
- (1979): *O Señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*. Vigo: Ed. Castrelos.
- ALVAJAR, A. M. (2000): *Notas sobre Amparo Alvar, exiliada galega*. Sada, A Coruña: Edición do Castro.
- ÁLVAREZ, S. (1993): *Castelao y nosotros los comunistas*. Sada, A Coruña: Edición do Castro. 2ª ed.
- ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA (2001): *Repertorio bibliográfico do exilio galego: Unha primeira achega*. Santiago de Compostela: Consella da Cultura Galega-Arquivo da Emigración Galega.
- AXEITOS, X. L. (2003): *O exilio galego: un mapa de cicatrices*. Sada, A Coruña: Edición do Castro.
- (2004): *A Academia no discurso exílico de Luís Seoane. Discurso lido o 30 de outubro de 2004, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo señor don Xosé Luís Axeitos Agrelo e resposta do Excelentísimo señor don Xesús Alonso Montero*. A Coruña: Real Academia Galega.
- BAL Y GAY, J. & R. GARCÍA ASCOT (1990): *Nuestros trabajos y nuestros días*. Transcripción de Antonio Buxán. Madrid: Fundación Banco Exterior.

- CASTELAO (1942): “Prólogo”, en ALONSO RÍOS (1942: 7-11).
- (1980): *Sempre en Galiza*. Madrid: Akal Editor, 3ª ed.
- (1993): *Cadernos (1938-1948)*. Escolma. Ed. Cochón, I., F. Dubert, A. Mato & H. Monteagudo. Vigo: Galaxia.
- DÍAZ, M. A. (2004): *Luís Seoane. Notas ás súas cartas a Díaz Pardo 1957-1979*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- DÍAZ PARDO, I. (1992). “Exiliados gallegos en América”. En *Galicia & América. Cinco siglos de historia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Consello da Cultura Galega, 192-9.
- ETCHEVERRÍA, S. (1989): *Eclipse en España. Apuntes del diario íntimo de un diplomático de la República Española 1936-19...?*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (2002): *Cartas de Luís Seoane desde o exilio*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- F. GRANELL, E. (1991): “Exilio partido en dos”. En Naharro-Calderón. J. M. (coord.): *El exilio de las Españas de 1939 en las Américas: “¿Adónde fue la canción?”*. Barcelona: Anthropos, 133-43.
- GARCÍA GERPE, M. (1941): *Alambradas. Mis nueve meses por los campos de concentración de Francia*. Buenos Aires: Celta.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1990): *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española (1936-1939)*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- GURRIARÁN, R. (2001): *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 2ª ed.
- MACEIRA FERNÁNDEZ, X. M. (1995): *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*. Vigo: Edicións do Cumio.
- MARCH, K. (2003): “Limiar”. En Tobío (2003: 5-8).
- MARICHAL, J. (1990): “La singularidad histórica del exilio español”. En *La otra cara del exilio: la diáspora del 39*. Madrid: Universidad Complutense, 65-77.
- (1995): *El secreto de España. Ensayos de historia intelectual y política*. Madrid: Taurus.
- MUÑOZ MANZANO, C. (2005): *Epistolario*. Ed. X. L. Axeitos & Charo Portela. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (2006): “Itinerarios do desterro: sobre a especificidade do exilio galego de 1936”. En Núñez Seixas, X. M. & P. Cagiao Vila (eds.): *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 11-51.
- OTERO ESPASANDÍN, X. (2006): *Obra galega*. Ed. M. Cuquejo Enríquez e colaboración de X. G. Freireiro Fente. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Secretaría Xeral de Política Lingüística e Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades.
- PRIETO, I. (1990): *Epistolario Prieto-Negrín*. Barcelona: Fundación Indalecio Prieto / Editorial Planeta.
- SANTAMARINA DELGADO, A. (1961): *Pra unha terra opremida*. Buenos Aires: Citanía.
- SEOANE, L. (1952): *Fardel de eisilado*. Buenos Aires: Edicións Ánxel Casal.
- SIXIREI, C. (1987): *Alfredo Somoza. Encadramento histórico dunha figura esquecida do galeguismo*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- TOBÍO, L. (1994): *As décadas de T. L.* Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- TOBÍO, M. (2003): *Anacos da vida dunha muller galega*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- VARELA, L. (2000): *Poesía completa*. Ed. X. L. Axeitos. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- (2001): *Ensayos, conferencias y otros escritos*. Ed. X. L. Axeitos. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.